



CONCELLO DE REDONDELA

**ACTA DO CONSELLO PARROQUIAL DO VISO
XUNTANZA ORDINARIA 22 DE SETEMBRO DE 2015**

ORDE DO DÍA

- 1.- Aprobación acta sesión anterior (de 24/02/2015).
- 2.- Información da situación actual das obras levadas a cabo na parroquia.
- 3.- Varios (Rogos e preguntas).

No antigo Preescolar do Viso, sendo as vinte horas e trinta e dous minutos, do día vintedous de setembro de dous mil quince, previa convocatoria, reuníronse os/as seguintes integrantes:

- Noemí Durán Couñago, representante do PS de G – PSOE
- Jose Bernardo Crespo Abal, representante de AER

- Manuel Freire Collazo, representante das asociacións veciñais
- *M^a Jose Acevedo Santoro, representante das asociacións veciñais
- Serafín Sobral Bouzon, representante das asociacións veciñais.
- Maria Nieves Sobral Pazo, representante das asociacións veciñais.

- Soledad Vidal Dasilva, representante das asociacións culturais
- Fernando Veiga Estévez, representante das comunidades de montes
- *Jose Manuel Campelos Mariño, representante das comunidades de augas

Todos/as eles/as baixo a Presidencia, por delegación do Sr. Alcalde, de Maria Jose Barciela Barros, e asistidos/as de min, Miguel Angel Míguez Novelle, coa finalidade de celebrar a xuntanza do Consello Parroquial do Viso convocada para o día de hoxe.

Pola Presidencia, declarouse aberta a sesión, pasándose a tratar a Orde do Día.

1.- Aprobación da acta anterior

Sométese a votación a acta do Consello Parroquial ordinario celebrado en data 24.02.2015.



CONCELLO DE REDONDELA

Non existindo rectificacións a acta queda aprobada pola maioría das/os membros asistentes á xuntanza, coa abstención da representante do grupo municipal do PSdeG – PSOE.

2.- Información da situación actual das obras levadas a cabo na parroquia.

Por parte da Presidenta pasa a enumerar as actuacións realizadas nesta parroquia:

Reposición muro Camiño de Besada.
Reposición muro situado cerca da do “Ganga”.
Pavimentación Camiño da Lomba.
Pavimentación Camiño da Gandara.

Reparouse lavadoiro xunto transformador, aínda así este lavadoiro ten moitas perdas augas debido a existencia dunha mina de auga pola zona superior.

Lavouse e limpouse a Fonte do Pio, a falta de tomala debido a existencia dun manantial na finca da parte superior, onde existe terreo sen desbrozar, tentándose localizar o seu propietario.

* Sendo as 20:50 presentase Don Jose M. Campelos Mariño, representante das asociacións de augas.

Arranxouse a Fonte do Alto, outra Fonte na Nogueira (xunta a de Carmucha), o lavadoiro e a fonte da Pousada.

Limpouse o lavadoiro xunto a de Concha, xa que sigue sen ter un mantemento/limpeza por parte dos veciños.

Arranxouse e pintouse o Torreiro e o parque da Teixeira.

Trocouse os paneis laterais por cristais transparentes na marquesiña na Subida do Viso.

* Sendo as 21:00 presentase Dona M^a Jose Acevedo Santoro, representante das asociacións veciñais.

Realizouse a instalación de obras de saneamento en Saramagoso para un total de 8 casas, realizándose a día de hoxe só unha conexión por parte das vivendas afectadas.



CONCELLO DE REDONDELA

Ante algunha duda por parte dos representantes veciñais, a Presidenta explica o proceso e prazos da contratación e realización da obra de saneamento xa licitada de saneamento en Soutexuste.

A Presidenta pasa a informar, que debido a non aprobación por parte do Pleno dos Orzamentos Participativos para este exercicio 2015, as actuacións aprobadas no Consello anterior do 24.02.2015, quedarán pendentes para realizar no exercicio seguinte.

O representante de AER solicita aclarar porque o seu grupo votou en contra no Pleno dos Orzamentos Participativos, indicando que a simple realización de pequenas obras non era a finalidade principal co que se crearon estes Orzamentos Participativos, xa que deberán recoller actuación máis amplas como ludotecas, etc.

A Presidenta informa que para este exercicio os orzamentos están prorrogados, e non existia máis opción que continuar coa cuantía do 1%, cousa que non se puido facer o non aprobarse polo Pleno a distribución da cuantía para Orzamentos Participativos. Tamén informa que todo o traballo previo das actuacións aprobadas realizouse, pero o non ter crédito non se poder levar a cabo.

O representante de AER incide que estas pequenas actuacións poderían facerse igualmente a través de modificacións de crédito, como se fan outras moitas actuacións.

Serafín Sobral Bouzon pregunta entón que lle dí os veciños e Manuel Freire Collazo asume dita decisión tomada polo Pleno.

A representante do PSdeG-PSOE tamén expón o punto de vista por non apoiar os orzamentos participativos ante a non existencia dunhas bases para decidir ou regular as actuacións dos Orzamentos participativos.

Soledad Vidal Dasilva pregunta si se van a realizar outras obras e arranxos, sen pasar pola aprobación dos Participativos.

A Presidenta informa de que a non aprobación dos orz. Participativos vai impedir de momento a realización dos acordados como tales no consello anterior; o igual que recorda tódolos traballos realizados igualmente sen corresponder a actuacións dos orzamentos participativos como xa expuso o principio deste punto primeiro.

Serafín Sobral Bouzon di que de tódalas actuacións informadas, ningunha corresponde a Soutexuste.



CONCELLO DE REDONDELA

A Presidenta pasa a informar do proxecto de saneamento de Saramagoso e o seu custe.

Os representantes de AER e PSdeG-PSOE indican que toda esta documentación deberá expoñerse neste Consello parroquial.

A representante do grupo PSdeG-PSOE pide se explique de como se levará a cabo o desenrolo destas obras.

A Presidenta informalle do desenrolo do proceso para realizar unha obra, dende realizar o proxecto de obra, busca de financiación, proceso de contratación e finalmente a realización da propia obra.

A Presidenta tamén recorda que se esta traballando no desenrolo do proxecto de saneamento na Nogueiriña, buscandolle saída do mesmo da mellor maneira para enlazar cos bombeos existentes.

3.- Varios (Rogos e preguntas).

Os representantes das Asociacións veciñais e culturais fan mención dun escrito presentado polo Rexistro do Concello o día luns 21.09.2015, (registro de entrada 13869 do 21.09.2015, non recepcionado a tempo para esta convocatoria) solicitando información dos seguintes puntos:

*** Recollida e canalización augas pluviales no Camiño do Castro, Saramagoso**

* A Presidenta recorda que esta actuación corresponde os orzamentos participativos aprobados para este ano, e que o non existir crédito para participativos este ano, non se vai levar a cabo de momento.

*** Completar actuación de valla en Soutexuste.**

O Presidenta informa da existencia de discrepancias de algúns veciños con respecto os traballos facer, polo tanto ata que se teña unha proposta firme e consensuada, non se vai facer nada.

M^a Jose Acevedo Santoro recorda neste momento a existencia de outras discrepancias realizadas por veciños particulares sobre propostas ou actuacións decididas neste Consello parroquial, e xenerando certo conflito con algúns veciños

A Presidenta informa que como Concalleira de Parques, xardíns, obras e servizos ten a disposición de tódolos veciños días de atención ó público,



CONCELLO DE REDONDELA

atendendo indistintamente a veciños particulares como a representantes de asociacións, para escoitar calquer problema relacionados coas súas áreas.

Por parte de Soledad Vidal Dasilva discrepase de como se realizan actuacións solicitadas por veciños particulares en contra de decisións ou acordos das diversas asociacións de veciños.

-M^a Jose Acevedo Santoro pregunta polo estado da información dispoñible sobre futura A-59, xa que asistindo a reunión de presentación dos traballos do PXOM constatou a existencia de dita A-59 nos mapas ali expostos. Tamén pregunta sobre o estado da reforma do parque infantil do Escredo e solicita se podría instalar no mesmo columpios para bebés e apartados biosaudables para persoas maiores.

Tamén se da aviso da falta de area e a existencia de fochancas no parque infantil o lado da cultural do Viso, e si sería posible repoñer a area ou instalar caucho para maior seguridade dos nenos.

A Presidenta informa que para instalar firme de caucho sería preciso facer unha base cimentada.

*** Aparcadoiro para o colexio de Cesantes**

A Presidenta informa que non Concello non consta información da expropiación realizada polo M.Fomento.

Indicándose polos asistentes que de conversas co titular do terreo, este informoulles que xa cobrará a expropiación e que o terreo xa non era seu.

A presidenta informa da existencia dunha reunión xa concertada co Delegado de Fomento para ver entre outros este tema.

Fernando Veiga Estevez di que se lle comente a posibilidade de realizar un circunvalación de acceso ó colexio de Cesantes, que evitaría moitos dos problemas de tráfico da zona.

*** Estado da proposta de aparcadoiro para a antiga Escola de Tuimil.**

A Presidenta volve a informar da predisposición para adquirir dito terreo, pero que nestes momentos non se dispón de orzamento para expropialo e realizar as obras pertinentes.

*** Situación do asunto circulación tráfico pesado sobre a estrada do Viso.**



CONCELLO DE REDONDELA

Soledad Vidal Dasilva informa da existencia dunha sinal de tráfico na zona desta estrada correspondente o Concello de Soutomaior que prohíbe o paso a vehículos pesados; saltándose a diario esta sinal por parte de camións e tráilers co conseguinte perigo que supón pola proximidade entre outros do Colexio de Cesantes

A Presidenta recorda da remisión do acordo Plenario á Deputación Provincial, derivada da moción presentada polas asociacións veciñais, estando a esta data pendentes de contestación por parte da mesma.

O respecto de este tema Don Manuel Freire Collazo volve a recordar que no mesmo Pleno de presentación da moción o grupo do PP votara en contra nos orzamentos da Deputación provincial para 2015 non figuraba dotación para dita obras. Voto que era contraproducente coas decisións votadas neste Consello e da moción e acordo Plenario aprobado ó respecto.

*** Muro alcantarillado frente a de Nolete.**

A Presidenta informa da non existencia de crédito para a realización de obras de muros, xa que debido a súa pequena cuantía non poden optar a subvencións de Deputación ou similares.

*** Saneamento casas da Nogueira (Camiño do Casal)**

Informan que existen casas por conectarse por falta de saneamento onde realizalo.

A Presidenta dí que ten que miralo, xa que descoñece o tema.

-Neste intre Manuel Freire Collazo recorda o asunto comprometido pola Deputación para realizar un paso elevado nas inmediacións do colexio de Cesantes.

A Presidenta di que este tema xa estaba apalabrado coa Deputación, e que se recordará na reunión xa concertada coa Deputación.

-Tamén Manuel Freire Collazo recorda ante a próxima chegada do inverno que sigue sen solucionar o tema do charco que se forma na curva diante da igrexa do Viso, quedando pendente en anteriores Consellos a ampliación do desague ou a apertura de máis de un.

-Tamén recorda Manuel Freire Collazo que séguense producindo afundimentos de asfalto e zonas das arquetas na estrada do ganga, co perigo que supón para o tráfico rodado. Cree de debe existir un manatíal por abaixo ou unha perda nas tubarías de Seragua-Aqualia.



CONCELLO DE REDONDELA

A Presidenta informa que xa se revisou dita estrada e non se observou ningún problema, a única solución sería levantar todo o saneamento cos correspondentes trastornos que causaría. Tamén informa de varios casos similares en todo o municipio, con difícil solución.

* **Cruce da Nogueiriña:** Solicitan a colocación dun espello, debaténdose onde se debería colocar.

Deberíase colocar o pasar o número 16, polo que se cree que o espello colocado anteriormente colocouse en un lugar distinto do solicitado; pero estando tamén de acordo que tamén era alí necesario.

* **Situación da auga pública para depósito de ADIF (Fonte-poza do AVE).**

Manuel Freire Collazo pregunta como sigue este tema, considerando que a poza queda fora dos terreos expropiados por ADIF, esta sería pública. Discrepando do posible uso que lle esta dando ADIF as mangueiras situadas na cercanía da poza.

-Neste punto retomase tamén o tema da titularidade e situación do campo de fútbol da Gandara. Indicando que deberíase realizar os tramites de exposición pública e outros necesarios para poder rexistralo no Inventario municipal.

-Soledad Vidal Dasilva reclama a limpeza do camiño primitivo da costa da Peneda.

Informando a Presidenta da existencia de discrepancias con respecto a titularidade deste camiño, polo cal non se pode actuar no mesmo ata que se aclare a súa titularidade. Informa a Presidenta que este camiño figura como titularidade de Montes.

Decídese que por parte do Concello se profundize no asunto para averiguar a titularidade do mesmo.

E, non habendo máis asuntos que tratar, pola Presidencia levantouse a sesión, sendo as vinteduas horas e trinta minutos da data fixada no encabezamento, en proba de todo o que se estende a presente ACTA, da que, como Secretario do Consello, DOU FE.

[Aprobada definitivamente en sesión C.Parroquial do 22/03/2016](#)